



JACOBO MANUEL RAYÓN CEDEIRA, Secretario-Interventor no Concello de Chandrexa de Queixa, provincia de Ourense,

CERTIFICO:

Que o Sr. Alcalde do Concello de Chandrexa de Queixa, mediante acordo de data once de decembro de dous mil dezaioito, adoptou o acordo que de seguido se transcribe na súa literalidade:

"

D. FRANCISCO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, Alcalde-Presidente do Concello de Chandrexa de Queixa, en uso das facultades que me confire a Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP), e en exercicio das competencias delegadas polo Pleno en virtude do acordo adoptado en sesión extraordinaria o 10 de xullo de 2015 (BOP nº 169 de 24 de xullo de 2015).

Visto que na sesión ordinaria de Pleno celebrada o 16 de febreiro de 2018 acordouse a ampliación do exercicio da competencia de servizos sociais, a través da prestación do servizo de atención a terceira idade, coa realización de novas actividades prestacionais mediante a explotación da residencia de persoas maiores de Chandrexa de Queixa.

Visto o acordo de Pleno adoptado na sesión ordinaria de 16 de febreiro de 2018 no que se acorda a creación dunha comisión de estudo así como a designación dos membros que a compoñen, encomendándolle a elaboración no prazo máximo de dous meses dende a súa constitución, da memoria xustificativa á que fai referencia o artigo 97 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións vixentes en materia de Réxime Local, prazo obxecto de prórroga por dous meses máis por acordo de Pleno celebrado o 20 de abril de 2018.

Finalizados pola comisión de estudo os traballos de elaboración da memoria xustificativa no que se acompaña o estudo de viabilidade económica así como as propostas de regulamentos, entregándose á Corporación para a tramitación oportuna.

Visto que o Pleno en sesión celebrada o 6 de xullo de 2018, de conformidade co disposto no artigo 97.1.d) do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, acordou a toma en consideración da memoria xustificativa da prestación do servizo de atención a terceira idade, coa realización de novas actividades prestacionais mediante a explotación da residencia de persoas maiores de Chandrexa de Queixa, xunto coa documentación complementaria anexa.

Visto que a memoria xustificativa, así como a documentación complementaria, estivo sometida a información pública por un prazo de trinta días naturais, anunciándose no Boletín Oficial da Provincia de Ourense (BOP nº 170 de 26 de xullo de 2018) e no taboleiro de edictos deste Concello, estando dispoñible a información para a súa consulta na páxina web municipal así como na Secretaría-Intervención do Concello.

Visto o certificado da Secretaría-Intervención do Concello de 29 de agosto de 2018 no que se acredita que durante o período de información pública non se presentou reclamación algunha.

Considerando que o Pleno adoptou acordo na sesión ordinaria de 14 de setembro de 2018 no que se aprobou o establecemento e a prestación polo Concello do servizo público de residencia de persoas maiores en réxime de libre concorrència, establecendo que o servizo se preste de forma indirecta mediante concesión de servizos.

Considerando o previsto no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP) en relación co artigo 116 do citado texto legal, esta alcaldía entende necesario proceder á incoación do expediente de contratación da "XESTIÓN INTEGRAL DA RESIDENCIA DE PERSOAS MAIORES DE CHANDREXA DE QUEIXA", actuación incardinable nun contrato administrativo de concesión de servizos, segundo o previsto no artigo 15 da devandita norma.

Considerando que o valor estimado do contrato ascendería a 6.174.000,00 €, resultado de multiplicar o número de anos do contrato, que neste caso se fixa en cinco (prazo máximo que establece o artigo 29.6 da LCSP) polo importe neto da cifra de negocios prevista para o primeiro ano que ascende a 1.234.800,00 €, segundo o estudo de viabilidade económica.



Considerando que a natureza e extensión das necesidades a satisfacer que pretenden cubrirse co contrato proxectado son a da xestión integral da residencia de persoas maiores de Chandrexa de Queixa coa finalidade de procurar a mellora constante da calidade de vida dos seus veciños e co obxecto de facilitar e garantir a atención á terceira idade, motivada pola alta taxa de envellecemento da poboación, onde un elevado porcentaxe da poboación do Concello supera os 65 anos, vivindo sos a maior parte deles, a dispersión da poboación nun termo municipal que supera os 172 km² composto por 34 núcleos de poboación, así como a ausencia de prazas en residencias próximas, o que motiva que os usuarios e as súas familias non poidan permanecer no seu medio de vida habitual.

Visto que, de conformidade co disposto no artigo 28 da LCSP, queda acreditado no expediente administrativo mediante memoria xustificativa de 5 de novembro de 2018 a insuficiencia de medios persoais e técnicos propios para facer fronte ás necesidades que motivan a licitación deste contrato.

Considerando que atendendo ao importe ao que ascende o contrato, así como os criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares o procedemento de licitación máis adecuado parece o procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada e tramitación ordinaria.

Visto que con data de 5 de novembro de 2018 emitiuse informe da Secretaría-Intervención sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir, e visto que de conformidade co mesmo o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato é esta Alcaldía.

Visto que con data de 11 de decembro de 2018 emitiuse informe da Secretaría-Intervención sobre os pregos de cláusulas administrativas particulares.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda e no artigo 117 da LCSP,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, como contrato administrativo de concesión de servizos, mediante procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada, tramitación ordinaria e con varios criterios de adxudicación para a contratación da "XESTIÓN INTEGRAL DA RESIDENCIA DE PERSOAS MAIORES DE CHANDREXA DE QUEIXA".

Segundo.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e Pregos de Prescricións Técnicas que rexerán a contratación.

Terceiro.- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación do presente contrato por procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada, tramitación ordinaria e con varios criterios de adxudicación, procedendo á publicación do pertinente anuncio de licitación no Diario Oficial da Unión Europea e na Plataforma de Contratos do Sector Público, para que no prazo de trinta e seis días dende a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea, se presenten as proposicións que se estimen pertinentes.

Cuarto.- Solicitar á Deputación Provincial de Ourense a designación de dous vogais para formar parte da Mesa de Contratación, conforme á Disposición Adicional segunda apartado 7 parágrafo 2º

Quinto.- Dar conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que teña lugar....."

E para que así conste e produza os oportunos efectos, expido a presente certificación, por orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, D. Francisco Rodríguez Rodríguez, en Chandrexa de Queixa, a once de decembro de dous mil dezaoto.

O secretario-interventor

Vº e prace
O alcalde.